

Escenario

Temos tres ordenadores e queremos acceder dende cada un deles aos recursos compartidos dos outros.


- Ordenador na casa ao que imos chamar **Suárez** que ten como recurso compartido a carpeta "**Carpeta**".
- Ordenador na aula 32 do IES As Mercedes que a chamamos **tr200** e que ten compartido todo o contido da **unidade C**
- Ordenador na aula XC do IES As Mercedes que imos chamar **TR30** que ten dúas carpetas compartidas "**Actualiza**" e "**Ghost**"

Descargamos o instalador de LogMeIn. Trátase dun instalador chamado Hamachi, que podedes descargar da páxina oficial


<https://secure.logmein.com/ES/>

Ou ben do repositorio de recursos do centro. <http://69.53.150.250/recursos> (Nome: Hamachi)

Facemos dobre clic no arquivo e aparecerá a selección de idioma. Eliximos Spanish e dámoslle a Next. Aparecerá a ventá que nos indica a versión do programa. Pulsamos "Seguiente"



Pulsamos "Acepto"



Asegurámonos de que "Crear acceso directo no Escritorio", está activado e pulsamos "Instalar".

O acceso directo non é imprescindible, é máis cómodo.




Pulsamos "Rematar". Se queremos que Hamachi se inicie para configurarlo, asegurámonos de que da casa "Ejecutar Hamachi" esta activada.



A primeira vez que lanzamos LogMeIn aparécenos esta pantalliña. Na zona branca deberían de aparecer as redes VPN ás que estamos conectados. Vemos que de momento non temos ningunha.

Pulsamos o botón de arranque.





Temos que darlle un nome ao noso ordenador. Pulsamos "Crear".



Vemos que a zona branca cambiou, agora temos a posibilidade de "Crear unha nova rede" ou "Unirse a unha rede existente", creamos unha nova rede. Pídenos un nome para a rede (IDE




de rede, que no noso caso vai ser "Suárez1964") e un Contraseña.

Otra cousa que cambiou é que á dereita do Botón de arranque, no que antes tiñamos como IP 0.0.0.0 e estaba "desconectado", agora temos o nome que lle demos ao noso ordenador e a IP que se lle asignou 5.191.153.120



Unha vez que pulsamos "Crear", vemos que na zona branca de redes temos a que acabamos de crear "Suárez1964".



Agora temos que instalar LogMeIn naqueles ordenadores cos que queremos compartir información. A única diferenza é que nas sucesivas instalacións non crearemos unha rede nova, optaremos por "Unirse a unha rede existente", pediranos o nome da rede e o seu contrasinal.



Unha vez instalado o programa en **tr200** e **TR30** veremos dende cada un deles os ordenadores que están conectados á rede.

Dende **tr200** veremos a: **Suárez** e **TR30**.


Dende **TR30** veremos a: **tr200** e **Suárez**.

Por último dende **Suárez** teriamos que ver **tr200** e **TR30**.



Ordenador TR30.

Na zona branca a vai o ordenador Suárez e o tr200, cada un co seu IP.




Ordenador tr200.

Na zona branca a vai o ordenador Suárez e o TR30, cada un co seu IP.


Se agora facemos clic en calquera ordenador, abrirásenos unha ventá cos seus recursos compartidos, navegaremos a través deles co explorador de arquivos de Windows como facemos sempre.

Dende **tr200** haciendo clic sobre **Suárez**, veremos o seguinte:



Como dixemos antes vemos a carpeta "**carpeta**". Para entrar na carpeta simplemente facemos dobre clic e listo.


Dende **tr200** facendo clic sobre **TR30**, veremos o seguinte:



Vemos os recursos compartidos de **TR30**.



Todo isto podémolo facer dende calquera ordenador que pertenza á rede **suarez1964**

Vexamos agora rapidamente como compartir recursos. Quero compartir unha carpeta do meu ordenador chamada **Avatar**.



Enriba do recurso a compartir pulsamos botón dereito e eliximos "Compartir e seguridade".

Despréganos a ventá de Propiedades de Avatar. Iremos usar o "Uso compartido e seguridade de rede".



Para compartir a carpeta temos que activar "Compartir esta carpeta na rede".

Se ademais queremos que os usuarios que se conectan á rede poden modificar o contido da carpeta, teriamos que activar a casa "Permitir que os usuarios da rede cambien os meus arquivos".
Observade que a carpeta "Avatar" cambiou, agora ten como unha man debaixo.

